



# Diario de Caldas

SUPLEMENTO DE DIARIO DE PONTEVEDRA. NOTICIAS DE LA COMARCA DE CALDAS: CALDAS DE REIS, CUNTIS, MORAÑA, PORTAS, PONTECESURES, VALGA Y CATOIRA

## Los concellos se replantean sus fórmulas de colaboración


► **El diseño** de un nuevo mapa geográfico de la Mancomunidad Ulla-Umia es una de las opciones que están abiertas

La experiencia puso de relieve que el diseño de la Mancomunidad Ulla-Umia no es el correcto y la distancia entre los municipios que la forman provoca que actualmente la institución, que debería servir para que los concellos puedan ofrecer mejores servicios a sus vecinos y a un precio más bajo que el que deben pagar, no haya puesto en marcha ninguno. Es lo que sucede con el abastecimiento del agua o la recogida de basuras. La brigada dedicada a la prevención y la lucha contra los incendios forestales es el único nexo que tienen en común.

La distancia entre cuatro municipios, Cuntis, Moraña, Caldas de Reis y Portas, con los de Valga y Pontecesures provoca que sea inviable compartir servicios. La puesta en marcha de un parque de maquinaria común para realizar obras de mantenimiento de pistas, parques y jardines tam-

co tendría sentido por la misma razón. Catoira, el séptimo municipio integrado por la Xunta de Galicia en el mapa de la comarca Ulla-Umia, hace varios años que abandonó la Mancomunidad, que, transcurridos más de cinco meses desde la celebración de las elecciones, sigue sin renovar sus órganos de gestión y está prácticamente paralizada.

El presidente en funciones de la institución, el exalcalde de Portas Roberto Vázquez, afirmó que está a la espera de que la Xunta abone una cantidad próxima a 70.000 euros por el trabajo de las brigadas forestales. En cuando los reciba, dijo que convocará a los alcaldes y concelleiros para que adopten una decisión. El futuro podría pasar por una nueva asociación de municipios en la que estarían representados los de Caldas, Cuntis, Moraña y Portas o porque la actividad siga en suspenso. >02



Faustino Rey Romero nació en Rianxo e hizo de Catoira su segunda casa. JOSÉ COMOJO

## Catoira reivindica la figura de Faustino Rey Romero

► **La vida** de un cura represaliado por la Iglesia que murió en un controvertido suceso en Argentina fue el tema de una jornada celebrada en la Biblioteca de Catoira para reivindicar su figura y su legado literario

Faustino Rey Romero fue un ejemplo de coherencia y un adelantado a su tiempo en la reivindicación de derechos como el de usar el gallego en las celebraciones religiosas. Los participantes en la jornada titulada 'Emocións e sentimentos' pidieron que se le dedique un Día das Letras Galegas. >03





**REIVINDICACIÓN HUMANA E LITERARIA** ▶ Máis alá da excentricidade e a controvertida morte de Faustino Rey Romero, os participantes nunha mesa redonda arredor da figura do crego e poeta, celebrada en Catoira, subliñaron que o importante é a rehabilitación da súa figura e pediron que se lle dedique un Día das Letras Galegas.

# O sexo, a morte e a vida de Faustino

TEXTO: FERNANDO SALGADO  
FOTOS: CEDIDA/XOÁN PASTOR

**O RESPONSABLE** de controlar o acceso ao Convento de Padrón deixaba a porta aberta cando había festa para que Faustino Rey Romero saíse de troula con algún amigo. «Se le iban los ojos hacia las mujeres, pero la cosa no iba más allá de miradas y comentarios», subliñou Sara Paz, que o coñeceu na súa estada en Bos Aires. Unha muller de alta posición propúxolle que deixase os hábitos para vivir con ela e que se adicase a escribir, pero non quixo, engadiu.

«Respetaba el celibato», sostivo. Xosé Ricardo Losada, o autor dun libro que repasa a súa traxectoria poética e teolóxica dixo que tivera dúbidas, para acabar tomando partido por manter a castidade, e dixo que se tivese relacións sexuais, non as agocharía.

Xesús Santos, un amigo de carallada de Faustino, lembrou que un día, camiñando por Asados cara a Isorna, en Rianxo, unha muller de vida licenciosa chamouno para dicirlle que, se tiña algunha necesidade, alí estaba ela. «De ir ó inferno, iría en haiga», conta que lle respondeu o crego.

Nunha tertulia arredor da figura de Faustino Rey, celebrada en Catoira o día 28 de novembro, non quedou claro se os comentarios se axustan á realidade, pero os participantes concluíron que tal incerteza non ensombrece a súa grandeza, humana e literaria.

«Cando ninguén o quería acoller, dicía misa na capela da Estación», lembrou o alcalde, Alberto García, na apertura dunha mesa redonda organizada pola Nova Escola Galega, o Concello de Catoira, a Asociación Cultural Barbantía e o IES Félix Muriel de Rianxo.

**ATENTADO.** «Su muerte no fue accidental, fue un atentado porque molestaba». Sara Paz non tivo a menor dúbida cando chegou a hora de falar do seu pasamento, acontecido en decembro de 1971, cando tiña 47 anos.

Paz mantivo que a ninguén se lle ocorre saltar dunha fiesta a outra cando hai sete metros de distancia entre elas, tal como sostivo a curia da parroquia de Balvanera (Bos Aires) á que pertence o edificio no que residía.

Sempre o acompañaba algún amigo, conta Sara Paz. Aquela noite díxolle adeus dende a fiestra a Cordeiro. Os seus superiores coñecían as amizades de Faustino, pero o crego morreu só porque non avisaron ninguén e non lle fixeron a autopisa o seu cadáver, nunha Arxentina dominada polos militares e a Igrexa. «Alguien lo empujó», conclúe.



A figura de Faustino Rey foi o centro dun amplo intercambio de opinións na Biblioteca municipal de Catoira.

Daquela comentouse que, días antes, déralle a extrema unción a un guerrilleiro dos Montoneros. «Era un alma. El no preguntaba de quién era. Nunca pensamos que seguiría hasta allí su vigilancia y persecución. No fue casualidad que en 1966 lo destinaran a la Balvanera, una parroquia clasista y cerrada», laioúse Sara Paz.

«A la Iglesia, que dice abogar

por la vida, no le importó eliminarlo», comentou dende os bancos do público Fernanda Cedrón, que traballou na coordinación do acto celebrado en Catoira.

Victor Campio non puido acudir, por motivos de saúde, para falar de quen fora compañeiro seu no Seminario de Ourense. Nun vídeo deixou constancia da valentía de Faustino ao agochar libros de

Curros Enríquez ou Eduardo Pondal, prohibidos daquela, que lle prestaba. «No centro xusto da saudade foi a voz atribulada da nosa Galicia», dixo.

«Era desconcertante, rachaba todos os esquemas e on tiña a dobre moral doutros curas», sostivo Xesús Santos. «Paraba o tren coa taza de viño na man na Estación de Catoira», unha localidade que

«o alumiñou no seu exilio», engadiu, cando o bispo de Tui lle prohibiu exercer o sacerdocio.

Foi entón cando se converteu en protagonista dunha iniciativa de singular importancia: con outro poeta catoirense, Baldomeiro Isorna, foi o creador da Romaría Vikinga.

Con Xosé Giráldez, entón secretario do Xulgado de Rianxo, andivo de esmorga nunha Vespa. «Foi un galeguista, cristián e sincero, cunha fe tan profunda como o seu afán de xustiza», sostivo.

Segundo o xornalista Luis Cristobal, «foi un crego maxestoso, a contracorrente naquela Galicia pechada». A súa definición é dun «home decididamente adiantado ao seu tempo, nunha atmosfera abafante de terra queimada».

Posicionarse á carón do seu pobo e o seu idioma e loitar pola xustiza, a ecoloxía e a paz, como fixo Faustino Rey, «foi traballar polos dereitos humanos que triunfaron na Revolución Francesa». Cristobal rematou a intervención pedindo a rehabilitación social e literaria do crego.

**SÁTIRO.** A vea satírica de Faustino Rey quedou á vista nunha escena que recordou Xosé Ricardo Losada. Aconteceu entre 1948 e 1950. Acompañando ao bispo de Tui-Vigo nunha procesión, cadrouse diante dun grupo de militares mozos que se atopaban entre o público. Excéntrico, provocador e extravagante son verbas que usou para definilo.

O seu biógrafo dixo que era «un papa Francisco sen pragmatismo, soñador, idealista, coherente e disposto para a autodestrución, pero importa máis a súa vida que a súa morte».

Da defensa do galego que fixo en Bos Aires foi unha testemuña de excepción Sara Paz, a quen casou con Carlos Bóveda nunha cerimonia que durou un cuarto de hora porque os seus superiores non lle deixaron que a oficiara no seu primeiro idioma.

Pero, unha vez rematada, Faustino Rey dixo, «agora si», e dirixiuse aos asistentes en galego nunha intervención que durou preto dunha hora. O resto dos cregos que asistiran o oficio relixioso deixárono só no altar. O responsable da igrexa apagou as luces e o 'Ave María' escoitouse na escuridade.

«Cando tanta xente está de acordo, por algo será», concluíu Xosé Manuel Lobato, o moderador do acto. Todos solicitaron que lle sea adicado un Día das Letras Galegas, tal como xa pediron os plenos dos concellos de Rianxo e Tomiño.